

**ACTA Nº 2018/13**  
**SESIÓN Extraordinaria DO PLENO DA CORPORACIÓN**  
**- SALON DE PLENOS, mércores 19 de decembro de 2018 -**

No día de hoxe, ás 19:30 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da Secretaria-Interventora que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

**PRESIDE:**

SECUNDINO GARCIA CASAL

**ASISTEN:**

BNG

MANUEL VARELA MECIAS

MANUEL BECEIRO COUCE

AMPARO CALVO GONZÁLEZ

XESÚS SOTO VIVERO

ANA BELÉN BREIXO GUNDÍN

PP

MANUEL ROMERO CASTRILLON

MARIA BELEN TRIGO MEIZOSO

PSOE

YOLANDA VAZQUEZ PAZOS

**AUSENCIAS:**

SABELA IÑIGUEZ CINZA (BNG)

CRISTINA CALVO TUIMIL(PP)

**SECRETARIA:**

IRIA LUISA DÍAZ GAVELA

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

**1.- APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE SAN SADURNIÑO PARA O ANO 2019.**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente en comisión previa, polo procedo o seu debate e aprobación:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE ORZAMENTOS PARA O EXERCICIO 2019**

*Conforme co disposto no artigo do 168. 2 do R.D.Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e no artigo 18, apartados 1 e 2 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, o Alcalde do Concello de San Sadurniño trasládalle ao Pleno da corporación para que o aprobo, se procede, o proxecto de Orzamento para o ano 2019, por un importe total de 3.023.807,32 euros o estado de gastos e de 3.023.807,32 euros o estado de ingresos.*

*Polo exposto, proponse ao Concello Pleno:*



**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o proxecto de Orzamento xeral do Concello de San Sadurniño xunto cos seus anexos (consonte o disposto no artigo 166 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo) para o exercicio económico do ano 2019, co seguinte resumo a nivel de capítulos da clasificación económica:

**ESTADO DE GASTOS**

Capítulo I	Gastos de persoal	1.147.418,82
Capítulo II	Gastos correntes en bens e servizos	977.439,59
Capítulo III	Gastos financeiros	1.000,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	157.500,00
Capítulo VI	Investimentos reais	735.448,91
Capítulo VII	Transferencias de capital	5.000,00
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	0,00
<b>Total do Orzamento de gastos</b>		<b>3.023.807,32</b>

**ESTADO DE INGRESOS**

Capítulo I	Impostos directos	786.000,00
Capítulo II	Impostos indirectos	20.000,00
Capítulo III	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	328.000,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	1.384.939,59
Capítulo V	Ingresos patrimoniais	1.000,00
Capítulo VI	Alleamento de investimentos reais	1.000,00
Capítulo VII	Transferencias de capital	390.535,69
Capítulo VIII	Activos financeiros	0,00
Capítulo IX	Pasivos financeiros	112.332,04
<b>Total do Orzamento de ingresos</b>		<b>3.023.807,32</b>

**SEGUNDO.-** Aprobar o cadro do persoal funcionario e laboral segundo consta no expediente.

**TERCEIRO.-** Fixar o límite de gasto non financeiro do orzamento do Concello de San Sadurniño para o exercicio 2019 en 2.904.042,82 euros.

**CUARTO.-** O Orzamento definitivo aprobarase con efectos 1 de xaneiro de 2019, e os créditos nel incluídos terán a consideración de créditos iniciais. As modificacións e axustes efectuados no seu caso sobre o Orzamento prorrogado entenderanse realizadas sobre o Orzamento definitivo.

O Orzamento inicial someterase a exposición pública por un prazo de 15 días para os efectos de que podan presentarse reclamacións. No suposto de que non se presentaran reclamacións durante ese prazo, o orzamento considerarase definitivamente aprobado; de non ser así deberán resolverse as alegacións e procederse á súa aprobación definitiva. Unha vez aprobado e aos efectos da súa entrada en vigor, deberá publicarse no BOP o orzamento resumido por capítulos, así como o cadro de persoal."

O alcalde cédelle a palabra ao portavoz do grupo de goberno, Xesús Soto, que explica que o goberno somete a consideración do pleno un orzamento de 3.023.807,32 euros, supoñendo un incremento de 213.000 euros sobre as previsións iniciais do ano anterior, polo tanto un 7,7% máis. Cualifica os orzamentos que se presentan como continuístas en canto as prioridades políticas, económicas e sociais a



cubrir no territorio municipal, intensificando o control sobre os gastos correntes sempre crecentes nas entidades locais onde non se levan a cabo recortes de servizos. Sinala que ten unha consideración aínda máis social que os anteriores, plasmándose en varias políticas concretas que enumera e cuantifica, como a prestación de SAF, política cultural e deportiva, incrementos retributivos do persoal e maiores investimentos nas parroquias a consecuencia dun aforro bruto maior.

En canto ao financiamento do orzamento, significa o 38% de recursos propios e o 62% de recursos impropios. Sinala que o incremento de ingresos é consecuencia da regularización catastral que levou a cabo o Ministerio de Hacienda no 2018, do incremento de transferencias correntes doutras administracións e polo recurso a un préstamo doutra administración para financiar unha obra moi necesaria e demandada, como é a do viario que enlaza a parroquia de Santa Mariña con Moeche.

Finaliza cualificando o orzamento como o máis social dos últimos anos e receptivo ás necesidades e demandas da poboación, cubrindo todos os ámbitos de competencia municipal na medida posible.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, anuncia a súa abstención baseada nos informes de intervención. Sinala que xa se ven advertindo da necesidade de realizar o plan financeiro e que é preciso aprobar un plan estratéxico de subvencións. Detecta igualmente cuestións de incoherencia entre o anexo de persoal e a RPT, que xa se veñen arrastrando de anos atrás, e que deben solucionarse sen demora.

A concelleira do PP, Belén Trigo, manifesta que, despois de ver a documentación e da celebración da comisión previa, segue sen entender moitas cousas, como o incremento de ingresos mentres se baixan os tipos impositivos do IBI e se prevén bonificacións. Sinala que no caso do IBI urbano chama a atención o incremento da previsión, por moito que se basee no catastrazo, tendo en conta que o ano anterior se pechou con arredor de 100.000 euros de déficit e que con esta previsión se está afondando na situación e supoñerán modificacións de crédito como as que se fan neste último ano. Por isto cualifica os orzamentos como "inflados", xa que os ingresos son ficticios e non haberá cartos para pagar o que se promete.

A concelleira formula unha pregunta dirixida á secretaria a respecto de que pasará se non se elabora o plan económico financeiro do que se fala nos informes e do que non ten constancia e que consecuencias pode traer para o Concello.

Anuncia o voto en contra do grupo municipal do PP por non cumprir o propio para un concello e non facer as cousas como hai que facelas, pode traer bastantes consecuencias a longo prazo.

O alcalde abre unha segunda quenda de palabras, cedéndolle a palabra ao portavoz do grupo de goberno.

O Sr. Xesús Soto afirma que o debate dos orzamentos é probablemente o debate máis importante e con máis transfondo político que se dá nun Concello, quitado o que pode referirse ao PXOM ou algunha cuestión similar. Lamenta que os grupos políticos de San Sadurniño non aproveiten este debate para manifestar a súa posición sobre o modelo e a prestación de servizos no concello. Di que o PSOE evita o debate amparándose no informe de intervención sen debate político e económico. Sobre o manifestado pola concelleira do PP, sinala que as cuestións sobre as que ten dúbidas pode disipalas consultando os padróns fiscais que son públicos. Pon como exemplo que o padrón do IBI urbano do ano anterior é de



310.000€ sobre uns valores catastrais de 49 millóns que, tendo en conta o proceso de regularización catastral e o incremento de valores ata 60 millóns, aplicando unha regra de tres, dá os resultados previstos no orzamento. Mesmo cualifica a previsión como cautelosa, tal e como se argumenta na documentación do expediente, a espera de coñecer o resultado final das alegacións e da contía dos atrasos que haxa que pagar do IBI urbano. Asegura que non hai ningún déficit de ingresos e que a comprobación pódese facer cadrando as liquidacións dos anos 2016, 2017 e cando saia a do 2018.

Reitera que o incremento do orzamento vén polo aumento nos ingresos do IBI, o recurso a un préstamo do POS e unha previsión de incremento de transferencias doutras administracións, xa que tamén se incrementan as horas do SAF. Sinala que eses incrementos tamén se reflicten nos gastos, tal e como se explica na memoria, no capítulo 2 para o SAF e no capítulo 6 de investimentos, que se incrementa en máis de 100.000 euros con respecto ao ano pasado e na axuda ao Aldebarán que se incrementa en 12.000 euros. Asegura que ao final do ano se poderá comprobar se os orzamentos están inflados ou non. Sobre o plan económico financeiro sinala que a obriga de facelo é porque a liquidación do 2017 caeu en inestabilidade orzamentaria, pero de tipo técnico, xa que o resultado orzamentario foi de máis de 300.000 euros e o remanente de tesourería incrementouse. Explica que tamén o orzamento se aproba en inestabilidade orzamentaria a consecuencia da solicitude do préstamo do POS, pero cualifica esta cuestión como "rocambolesca", xa que pódese solicitar ese préstamo de 112.000 euros a Deputación para pagar préstamos adquiridos con entidades bancarias anteriormente e nese caso, utilizando ese préstamo para pagar outros préstamos, non causa inestabilidade. Pola contra, se se utiliza para investimentos, causa inestabilidade orzamentaria a consecuencia da normativa do Estado español. Di que esta normativa é canto máis prexudicial para os Concellos máis saneados, xa que son feitas pensadas nunha situación de crise económica pensando en Concellos coma Madrid, Barcelona ou Jerez de la Frontera con grandes débedas de máis do 200% dos recursos ordinarios. Este incumprimento técnico, explica, só se materializa se na execución a final de ano se persiste no incumprimento. Sobre isto, afirma que a alternativa tería sido deixar de utilizar os recursos para incrementar as horas de prestación de SAF e destinalos a esa obra, cuestión que o goberno municipal non está disposto ao considerar que coa situación demográfica actual e a tendencia no futuro o SAF será unha das principais políticas que deberán atender os Concellos, polo que tamén desde a FEGAMP debe buscarse o xeito de reorientar un recurso e un servizo tan necesario; polo que consideran que, sendo posible realizar un esforzo como se podía facer neste momento, debe aproveitarse e é o momento acaído para facelo.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, reitera a pregunta sobre cando se vai aprobar o plan económico financeiro; xa que, segundo os seus cálculos, xa debería estar aprobado.

O alcalde di que se aprobará no momento en que estea finalizada a súa redacción e reitera que, como explicou o portavoz do goberno, é un documento puramente técnico que só dirá que hai que pechar os dous exercicios seguintes con superávit. E, asegura, que iso vai ser así de feito; xa que se vai ingresar máis de IBI. Afirma que todos os concellos teñen aprobado un plan económico financeiro, xa que ao longo do tempo, por cuestións puramente técnicas incórrase en inestabilidade, incoherentemente, ao tempo que se aumenta o remanente de tesourería que é teoricamente o que corresponde aos recursos que ten aforrados o Concello.

O alcalde agradece o traballo do persoal municipal que fixo posible que se estea aprobando o orzamento



neste momento, mesmo antes que outras administracións máis grandes, con un expediente moi completo.

A respecto da necesidade do plan estratéxico de subvencións asegura que é o ideal, pero que é unha obriga que leva existindo moitos anos e non é impeditiva para a concesión de subvencións. Sinala que as bases de concorrência para o tecido asociativo son consensuadas con ese tecido, ao igual que as bolsas de estudo, que están consensuadas por todas as forzas políticas e mesmo se elaboraron sendo responsable de educación o PSOE.

A portavoz do PSOE di que hai varias cuestións que deben ser corrixidas, segundo di intervención. E reitera a pregunta feita pola concelleira do PP á secretaria-intervención sobre a elaboración do plan económico financeiro.

O alcalde sinala que intervención sinala cuestións, pero os informes son favorables á aprobación do orzamento; pois do contrario constarían advertencias neste sentido. A respecto da posibilidade de formular preguntas á secretaria-interventora sinala que o seu papel no pleno non é respostar preguntas nos debates políticos, pero somete á súa consideración a necesidade de contestar se así o desexa. Sobre a elaboración do plan económico financeiro sinala que se vai facer, porque hai que facelo, en canto estea tecnicamente elaborado e que coa situación económica do Concello de San Sadurniño as consecuencias da súa non elaboración en prazo son nulas.

A secretaria-interventora toma a palabra para aclarar o procedemento de aprobación do plan e as posibles consecuencias da non aprobación do mesmo en prazo, tras os requirimentos do Ministerio nos que se outorgan novos prazos que poderían conlevar retención de fondos da participación nos tributos do Estado, aínda que esta consecuencia é a longo prazo.

A concelleira do Partido Popular, Belén Trigo, toma a palabra para aclarar que tomou como referencia os datos do 2017 dado que os do 2018 non están pechados. E que tomando o orzamentado e os dereitos recoñecidos netos, sae a diferenza de 100.000 euros. A respecto do aumento de horas do SAF traslada a noraboa, tras ter recibido críticas o seu grupo por facer pública unha información a respecto das horas de prestación de servizo e tras as críticas aos pagos da Xunta.

O portavoz do grupo de goberno, Xesús Soto, afea a insinuación da concelleira do PP e afirma que se realiza o incremento de horas cando é posible facelo xa que os recursos municipais son os que son. Explica que o servizo préstase directamente por persoal municipal, con retribucións por riba de convenio e condicións laborais mellores que nas empresas privadas, polo que a hora sae a 16-17 euros e a Xunta paga a 9,70 euros. Nesas condicións, préstase as horas que se poden prestar, sinalando que neste momento, no que se teñen recursos adicionais, o goberno municipal decide aumentar o número de horas con recursos propios.

A respecto do debate que o Partido Popular tratou de introducir no seu momento, sobre a lista de espera do servizo de axuda no fogar, asegura que eran datos falsos, que saíron de persoas relacionadas con San Sadurniño que ocupan postos políticos noutras institucións, que as utilizan para o seu beneficio partidista. Sobre isto asegura que no futuro as listas de espera incrementaríanse, a consecuencia da

situación demográfica e, no caso de San Sadurniño porque existe un traballo de prospección que se fai desde os servizos sociais para detectar e que se valoren os casos. Asegura tamén que a prestación do servizo no concello de San Sadurniño se adecúa á valoración realizada pola Xunta e non se aproveitan horas de valoración dunha persoa para prestar SAF básico, cualificando estas situacións como carentes de ética. Asegura que se o orzamento dera para prestar máis horas, prestarían máis e que elixirán a fórmula que permite a lei coas limitacións para a contratación de persoal, sen perder calidade na xestión, xa que será dirixido polo persoal municipal.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta votación, quedando **aprobada con seis (6) votos das concelleiras e concelleiros presentes do BNG, dous (2) votos en contra da concelleira e concelleiro presentes do PP e unha (1) abstención das concelleira do PSOE.**

## **2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE "POS+2019" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.**

Consta no expediente a seguinte proposta da alcaldía, ditaminada favorablemente en comisión previa, polo procede o seu debate e aprobación:

### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE A APROBACIÓN DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2019"**

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A Deputación provincial publicou a convocatoria do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" no BOP nº 188 do 02/10/2018.*

*Consonte as bases desa convocatoria é preciso aprobar en Pleno a solicitude para participar no devandito Plan, así como os investimentos que se van realizar.*

*Por todo o antedito, esta Alcaldía, no uso das súas atribucións, realiza a seguinte*

#### **PROPOSTA DE ACORDO**

**1.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ 2019" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e préstamo provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2019", "achega provincial 2018" e "préstamo provincial 2019":**

##### **A) Financiamento do pago a provedores:**

	<b>Capítulo II</b>	<b>Capítulo VI</b>	<b>Total</b>
Achega provincial 2018 aplicada ao financiamento de pago a provedores	22.939,59 €	0,00 €-	22.939,59 €-
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de pago a provedores	0,00 €-	0,00 €-	0,00 €-

<b>Subtotal pago a provedores</b>	<b>22.939,59 €-</b>	<b>0,00 €-</b>	<b>22.939,59 €-</b>
-----------------------------------	---------------------	----------------	---------------------

**B) Financiamento de gastos correntes:**

	<b>Deputación</b>
Achega provincial 2019 aplicada ao financiamento de gastos correntes	221.402,31 €
<b>Subtotal gasto corrente</b>	<b>221.402,31 €</b>

**C) Financiamento de investimentos:**

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Denominación da obra ou subministración</b>			
	0,00 €	0,00 €	0,00 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2019</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>0,00 €</b>

<b>ACHEGA PROVINCIAL 2018</b> <i>(Investimentos financeiramente sostibles)</i>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Denominación da obra ou subministración</b>			
PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE SABANDA - A PENA, ACCESO EN O COLADO E CAMIÑO NO ESPÍNEIRO (MONTE)	29.867,12 €	6.000,00 €	35.867,12 €
PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE VILAFIÚNCE - DP-7603 E O PICO - CAMPOLABRADO (NARAÍO)	45.001,22 €	10.487,88 €	55.489,10€
PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE CADAVÁS - DP-7601, PIÑEIROS - T.M. NARÓN, OS MIGUELARES - A ERMIDA E O PICO DE FERREIRA	35.367,35 €	7.500,00 €	42.867,35 €
<b>Subtotal investimentos achega provincial 2018</b>	<b>110.235,69 €</b>	<b>23.987,88 €</b>	<b>134.223,57 €</b>

<b>PRÉSTAMO PROVINCIAL 2019</b>	<b>Financiamento do investimento</b>		
	<b>Préstamo Deputación</b>	<b>Achega Concello</b>	<b>Orzamento total</b>
<b>Denominación da obra ou subministración</b>			
PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE CASTRELO - CABANELA - A VEIGA E A BAÑOCA - T.M. MOECHE	112.332,04 €	0,00 €	112.332,04 €
<b>Subtotal investimentos préstamo provincial 2019</b>	<b>112.332,04 €</b>	<b>0,00 €</b>	<b>112.332,04 €</b>

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións incluídos no POS+ 2019 e que se relacionan nestas táboas.

**D) Redución de débeda con entidades financeiras:**

<b>Entidade financeira</b>	<b>Número/código do</b>	<b>Importe de "préstamo provincial"</b>
----------------------------	-------------------------	---



	<b>préstamo</b>	<b>2019" aplicado á redución da débeda</b>
	-	-
<b>Subtotal redución de débeda con entidades financeiras</b>	-	-

**E) Resumo:**

<b>SUBTOTALS</b>		<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>Total</b>
<b>A- PAGO A PROVEDORES</b>	<b>Achega 2018</b>	22.939,59 €		22.939,59 €
	<b>Achega 2019</b>	0,00 €-		0,00 €-
<b>B- GASTOS CORRENTES</b>	<b>Achega 2019</b>	221.402,31 €		221.402,31 €
<b>C- INVESTIMENTOS</b>	<b>Achega 2019</b>	0,00 €	0,00 €	0,00 €
	<b>Achega 2018</b>	110.235,69 €	23.987,88 €	134.223,57 €
	<b>Préstamo 2019</b>	112.332,04 €	0,00 €	112.332,04 €
<b>D- REDUCIÓN DÉBEDA</b>	<b>Préstamo 2019</b>	0,00 €		0,00 €
<b>TOTAL</b>	<b>Achega 2019</b>	221.402,31 €	0,00 €	221.402,31 €
	<b>Achega 2018</b>	133.175,28 €	23.987,88 €	157.163,16 €
	<b>Préstamo 2019</b>	112.332,04 €	0,00 €	112.332,04 €
	<b>TOTAL</b>	<b>466.909,63 €</b>	<b>23.987,88 €</b>	<b>490.897,51 €</b>

2.- Aprobar o Plan Complementario do ano 2019 no que se inclúen os investimentos financeiramente sostibles que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos ou pregos de prescricións técnicas:

<b>Denominación dos investimentos financeiramente sostibles (mínimo do 25% do total de achega e préstamo provincial asignado)</b>	<b>Orzamento</b>
PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DE A CHABOLA-CAÍNCE-O HEDREIRO-AMIDO	82.509,51 €
PAVIMENTACIÓN DO CAMIÑO DO CANDO AO CASTRO	47.983,25 €
PAVIMENTACIÓN DOS CAMIÑOS DE OS FOXOS E A VILA – O FREIXO	34.277,01€
CONSTRUCCIÓN DE SALÓN POLIVALENTE EN CHAO DE LAMAS	111.828,68 €
<b>TOTAIS</b>	<b>276.598,45 €</b>





3.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2019 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2019, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente."

Toma a palabra o portavoz do goberno municipal, Xesús Soto, que explica as distintas vías de financiamento do Plan Único de Deputación, ao abeiro do que se solicita axuda para pago a provedores, para pago de gasto corrente e para investimentos, detallando os datos económicos que se reflicten na proposta. Explica que tamén se solicitará un préstamo, derivado do superávit da Deputación. Dá conta das obras que se inclúen no plan complementario que se solicitará neste mesmo expediente e que tamén aparece reflectido na proposta.

A portavoz do PSOE, Yolanda Vázquez, manifesta o seu voto favorable á proposta, ao estar de acordo coas obras que se propoñen.

A concelleira do PP, Belén Trigo, manifesta que se alegran de que se arranxen as pistas, aínda que sería necesario arranxar máis; xa que hai demandas veciñais ao respecto. Tamén concordan coa necesidade do local social que se recolle na proposta, pero aproveita para lembrar que a Casa da Cultura tamén precisa reparacións. Sinala que se houbese eleccións cada ano, os cartos moveríanse moito máis rápido.

O portavoz do BNG replica que se a concelleira do PP estudou o orzamento en profundidade, decatárase de que non contempla para nada a existencia dun proceso electoral en maio, xa que as intervencións orzamentadas fanse en termos de necesidade, non en clave electoral. Explica que o que se fai é seguir incidindo na política do goberno municipal a respecto de que os viais principais interparroquiais e de conexión, cos concellos limítrofes sexan sometidos a proxectos máis complexos e ambiciosos con ancheamentos, aglomerados, canalizacións de augas, etc.; a maiores das reposicións de firmes que poidan ser necesarias. Afonda ademais en que, fóra da proposta do POS, no anexo de investimentos do orzamento van obras distintas das viarias e tan importantes como a restauración do castelo de Naraío, o

que supón un esforzo para cumprir coa obriga de manter o patrimonio histórico. Tamén sinala que hai partidas abertas para traídas de auga e abastecementos e saneamentos públicos que se poidan levar a cabo con cargo ao superávit orzamentario do ano 2018. Asegura que nas actuacións do goberno municipal hai un proxecto político con máis trasfondo que o simple feito de tapar fochancas.

O alcalde pecha a quenda de intervencións para afean o reproche da concelleira do PP sobre as posibles actuacións electoralistas, despois da actitude da Conselleira en Ortigueira en días pasados que se repite polos Conselleiros nestes seis meses, mesmo en obras que non financian maioritariamente desde a Xunta, recriminando que pretendan diluír eses feitos acusando ao resto de facer o mesmo.

Non habendo máis intervencións, sométese a proposta votación, quedando **aprobada por unanimidade**.

Ao non haber asuntos que tratar, a presidencia declara rematado o acto cando son as 20:21 horas, de todo o que, como secretaria, dou fe.

O alcalde

Secundino García Casal



A secretaria

Iria Luisa Díaz Gavela

